

UD 2. As Finanzas Persoais:

Planificación Estratéxica e Orzamento

BLOQUE 1. Ingresos e Gastos: O Mapa Financeiro

1.1. Fontes de Obtención de Ingresos Legais

O **Ingreso** é todo o diñeiro que entra na nosa economía persoal ou familiar. É a nosa fonte de recursos para vivir, aforrar e investir.

- **Ingresos por traballo (salario):** A fonte máis común. É a compensación que recibimos por un traballo realizado, ben por conta allea (asalariado) ou por conta propia (autónomo/a).
- **Ingresos por rendas:** Diñeiro que se recibe por posuír activos (aluguer dun piso, intereses bancarios, dividendos de accións, etc.).
- **Prestacións e axudas:** Diñeiro que provén da Administración (becas, prestación por desemprego, pensións).
- **Ingresos fixos ou variables:**
 - **Fixos ou Regulares:** Cantidade coñecida e regular (p. ex., un salario mensual).
 - **Variables:** Cantidade que cambia cada mes (p. ex., as comisións por vendas, traballos esporádicos).

(Exercicio 1)

1.2. Tipos de Gastos

O **Gasto** é todo o diñeiro que sae da nosa economía para adquirir bens ou servizos.

- **Gastos fixos:** Pagamentos recorrentes cuxa cantidade é constante (ou case) cada mes ou anualmente (p. ex., aluguer, hipoteca, seguros, tarifa plana de móvil, cota do ximnasio, abono de Netflix, abono de Spotify...).
- **Gastos variables:** Gastos cuxa cantidade pode variar cada mes dependendo do consumo ou do uso (p. ex., electricidade, auga, compra de alimentos, gasolina).
- **Gastos Obrigatorios (Compromisos Fixos):** Son gastos que tes que pagar por lei ou por contrato, e que se repiten cunha frecuencia fixa (normalmente cada mes ou cada ano). Moitas veces coinciden cos gastos vitais, pero a clave é que non podes escapar deles. (p. ex., aluguer, hipoteca, cotas de préstamos ou débedas, impostos anuais...)
- **Gastos Vitais (ou Esenciais):** Son aqueles **imprescindibles** para a supervivencia, o benestar básico e a dignidade. Garanten a satisfacción das necesidades básicas do individuo e da familia (p. ex., alugueiro, hipoteca, cota de comunidade, alimentación básica, medicamentos, consultas médicas esenciais, contas de auga, luz, gas, teléfono, desprazamentos para o traballo ou actividades vitais...)
- **Gastos discrecionais ou superfluos:** Gastos non necesarios para vivir, dependentes das nosas decisións e preferencias persoais. Son os máis fáciles de

axustar ou eliminar (p. ex., ocio, saídas, subscricións non esenciais, roupa por capricho).

- **Gastos Formiga:** Un tipo especial de gasto discrecional. Son pequenas cantidades de diñeiro que se gastan de forma case inconsciente e regular (p. ex., café diario, snacks, micro-compras en aplicacións, etc.). Individualmente son pequenos, pero **sumados** ao final do mes teñen un impacto significativo no orzamento. [GASTOS FORMIGA RTVE](#)

(Exercicios 2 e 3)

BLOQUE 2. O Aforro Estratéxico

2.1. O Aforro como Elemento Esencial e Prioritario do Orzamento

Aforrar significa reservar unha parte dos ingresos actuais para o seu uso futuro.

Regra de Ouro: "Pagarse a un mesmo primeiro": O aforro non é o que sobra ao final do mes, senón o primeiro "*gasto*" que debes descontar dos teus ingresos. Debe ser unha cantidade fixa e intocable, un obxectivo. (Exercicio 4)

2.2. Tipos de Aforro.

O aforro debe ter un obxectivo para motivarnos, pero é imprescindible ademáis dos aforros para mercar cousas concretas, dispor dun **Fondo de Emerxencia** que nos permita superar situación complicadas.

- Aforro para **Fondo de Emerxencia:** É unha cantidade de diñeiro reservada exclusivamente para afrontar gastos inesperados e graves (p. ex., perda do emprego, avarías importantes, gastos médicos non cubertos). Canto aforrar para fondo de emerxencia? A recomendación xeral é ter aforrado o equivalente a 3 a 6 meses dos teus gastos fixos e esenciais.
- **Aforros para destinos específicos:** Ademais de asegurar a nosa estabilidade co Fondo de Emerxencia, a maioría do aforro que facemos ten unha finalidade concreta e motivadora. Aforrar con obxectivos convérteo nunha tarefa máis doada, pois sabemos exactamente por que estamos a sacrificar un gasto hoxe por exemplo para poder mercar no futuro un coche, dar a entrada para unha vivenda, ir de vacacións, pagar un máster...

(Exercicio 5)

2.3. Aforros de Alta Accesibilidade (Liquidez) e Aforros de Baixa Liquidez

- **Alta Accesibilidade (Liquidez):** Refírese á facilidade e rapidez coa que se pode converter un activo en diñeiro efectivo sen perder valor. Os aforros de emerxencia deben estar en contas bancarias ou produtos con **alta liquidez**, para poder dispoñer deles inmediatamente. Non se deben investir en produtos a longo prazo ou de risco.

- Os produtos de baixa liquidez (depósitos a prazo fixo, plans de pensións, investimentos en vivendas ou terreos...) son axeitados para o **aforro a longo prazo con obxectivos específicos** (como a xubilación ou a entrada dun piso en 10 anos), pero **nunca** para o Fondo de Emerxencia.

(Exercicio 6)

2.4. Obxectivos do Aforro (Regra SMART)

Para que o aforro sexa efectivo, debe ter un propósito. Os obxectivos deben ser:

- Specific (Específico):** Non só "aforrar", senón "aforrar 2.000 €".
- Measurable (Medible):** Podes medir o progreso.
- Achievable (Alcanzable):** Realista coa túa capacidade.
- Relevant (Relevante):** Importante para ti.
- Time-bound (Limitado no tempo):** Debe ter unha data (ex. "en 12 meses").

Tipo de Obxectivo	Exemplo	Duración
Curto Prazo	Comprar un videoxogo ou unha roupa nova.	Menos de 1 ano.
Medio Prazo	Viaxe de fin de curso, comprar un ordenador.	De 1 a 5 anos.
Longo Prazo	Pagar a universidade, a entrada para unha vivenda.	Máis de 5 anos.

BLOQUE 3. O Orzamento Persoal

3.1. Os Orzamentos Persoais: Concepto e Funcións

O **Orzamento Persoal** é unha ferramenta que nos permite planificar e controlar as finanzas. É o balance entre o diñeiro que entra (Ingresos) e o diñeiro que sae (Aforro e Gastos).

- Funcións:** Permite tomar decisións informadas, detectar gastos innecesarios e asegurar que se cumpren os obxectivos de aforro.
- Fórmula Estratéxica:**

$$\underline{\text{Ingresos} - \text{Aforro Prioritario} - \text{Gastos Totais} = \text{Saldo (Idealmente Positivo)}}$$

(Exercicio 7)



3.2. Criterios de Priorización do Gasto

A Priorización do gasto debe seguir a seguinte orde:

- 1º Necesidades (o esencial)
- 2º Aforro (o futuro)
- 3º Desexos (o superfluo).

Unha boa estratexia para facer o orzamento é a **Regra do 50/30/20**:

- **50%** dos teus ingresos para as **Necesidades** (Gastos fixos: aluguer, comida, transporte).
- **30%** dos teus ingresos para os **Desexos** (Gastos variables: lecer, cine, roupa non esencial).
- **20%** dos teus ingresos para o **Aforro e a Inversión** (Este 20% gárdase primeiro!).

(Exercicio 8)

3.3. Técnicas de Elaboración de Orzamentos Manuais e Dixitais

- **Técnicas Manuais:** Usar un caderno, un diario de gastos ou sobres físicos para asignar o diñeiro. Son útiles para un control inicial e para concienciar sobre onde vai cada euro.
- **Técnicas Dixitais (Folla de Cálculo):** A máis eficiente. Permite:
 1. Clasificar os gastos automaticamente.
 2. Automatizar cálculos.
 3. Crear gráficos e visualizar o gasto.
 4. Facilita o seguimento mensual e anual.

(Exercicios 9 e 10)

Exercicios Prácticos

Exercicio 1. Clasificación de Ingresos Legais

Clasifica as seguintes fontes de ingresos como **Por Traballo (T)**, **Por Rendas (R)** ou **Por Prestación/Axuda (P)**, e despois como **Fixo (F)** ou **Variable (V)**:

Fonte de Ingreso	Clasificación (T/R/P)	Estabilidade (F/V)
Salario mensual		
Becas de estudos		
Aluguer dun piso herdado		
Ingresos como autónomo (p. ex., vendas)		
Pensión de xubilación		
Intereses dunha conta de aforro		

Exercicio 2. Rexistro e Clasificación de Gastos

Durante unha semana, anotaches os seguintes gastos do teu "orçamento" (imaxinario).
 Clasifícaos:

Gasto (Semana)	Cantidade (€)	Fixo (F)	Variable (V)	Obrigatorio(O)	Vital(V)	Superfluo(S)	Formiga(F)
Tarifa de móbil	15						
Entrada de cine	8						
Bolsa de patacas fritas	2						
Gasolina para ir á clase	12						
Compra do supermercado	45						
Novo videoxogo	35						
Pizza a domicilio	10						
Cota do seguro	5						
TOTAL GASTOS							

- **Pregunta:** Que gastos podes reducir ou eliminar máis facilmente se necesitas aforrar?

Exercicio 3. Detección do Gasto Formiga

Un estudante fai os seguintes gastos ao longo do mes. Identifica cales son **Gastos Formiga (GF)** e calcula o gasto total que representan:

Gasto	Frecuencia	Custo Unidade (€)	por	Gasto Mensual (€)	GF (Si/Non)
Café para levar (todos os días lectivos)	20 veces	1,50			
Subscripción a servizo de <i>streaming</i>	1 vez	12,00			
Paquete de chicles ou doces	10 veces	1,00			
Billete de autobús	40 veces	1,20			
Compra impulsiva en liña (roupa)	1 vez	45,00			
Recarga de crédito en xogos	3 veces	5,00			
TOTAL GASTO FORMIGA:					

- **Pregunta:** Se o teu obxectivo de aforro mensual é 100 €, podes acadalo só eliminando os gastos formiga?

Exercicio 4. O Aforro como Prioridade

Unha persoa ten uns ingresos de **1.200 €/mes.** Desexa aplicar a filosofía de aforrar o **10%** dos seus ingresos.

1. Canto diñeiro debe reservar para Aforro Prioritario (AP)?

AP = _____ €

2. Canto diñeiro lle queda para cubrir todos os Gastos (G) do mes?

$$G = \text{_____} \text{€}$$

3. Se fixese o Orzamento ao revés, gastando primeiro e aforrando o que sobra, e os seus gastos ascenden a 1.150 €, canto aforraría? Por que é mellor a opción 1?

Exercicio 5. Cálculo do Fondo de Emerxencia

Os gastos fixos e esenciais dunha familia son:

- Aluguer/Hipoteca: 600 €
- Comida esencial: 350 €
- Transporte esencial: 50 €
- Subministracións (electricidade, auga): 100 €
- **Total de Gastos Fixos e Esenciais (GFE): 1.100 €/mes**

Calcula o Fondo de Emerxencia (FE) que debería ter a familia, segundo as recomendacións estándar:

1. Fondo de Emerxencia para 3 meses:

$$FE (3 \text{ meses}) = \text{_____} \text{€}$$

2. Fondo de Emerxencia para 6 meses:

$$FE (6 \text{ meses}) = \text{_____} \text{€}$$

Exercicio 6. A Importancia da Liquidez

Obxectivo: Entender a relación entre aforro de emerxencia e accesibilidade.

Indica se os seguintes lugares para depositar o diñeiro son axeitados para o **Fondo de Emerxencia (FE)** e xustifica a túa resposta:

Opción	Axeitado para o FE? (Si/Non)	Xustificación (por que si/non é líquido?)
Conta corrente bancaria		
Investimento en accións de bolsa		

Opción	Axeitado para o FE? (Si/Non)	Xustificación (por que si/non é líquido?)
Diñeiro en efectivo na casa		
Un depósito bancario a 5 anos		

Exercicio 7. Montaxe do Orzamento Básico

Completa o orzamento mensual dun estudante que traballa nas fins de semana:

CONCEPTO	CANTIDADE (€)
INGRESOS	800
Aforro Prioritario (15% de Ingresos)	(A) _____
GASTOS FIXOS	250
GASTOS VARIABLES	300
GASTOS DISCRECIONAIS	180
GASTOS TOTAIS (G)	(B) _____
SALDO FINAL	(C) _____

Exercicio 8. Priorización e Regra 50/30/20

Os Ingresos Netos mensuais son **1.500 €**. Aplica a regra 50/30/20:

Categoría	Porcentaxe	Cálculo (€)	Destino do Diñeiro
Necesidades	50%	A=	Aluguer, Comida, Sanidade, Transporte
Desexos	30%	B=	Ocio, Compras de capricho, Restaurantes
Aforro	20%	C=	Aforro de emerxencia, Investimento ou pago de débedas
Total	100%	1.500 €	Comprobación: A + B + C debe ser 1.500 €

- **Pregunta:** Se os teus gastos en "Necesidades" son 850 €, superas o 50%? Que deberías facer co orzamento de "Desexos" para compensar?

Exercicio 9. Orzamento Básico Familiar con Google Sheets

Ferramenta: Google Sheets (Follas de Cálculo de Google).

Paso 1: Comezar coa Plantilla Sinxela (10 min)

1. Abrir Google Drive e crear unha nova Folla de Cálculo de Google.
2. No menú superior, ir a Arquivo → Novo → Dende a Galería de Plantillas.
3. Seleccionar a plantilla máis sinxela que atopes, normalmente chamada "Orzamento Mensual" (ou se non a atopan, a que pareza máis simple).
4. Renomear o documento a: Orzamento_Mensual_[Apelido_Nome]
5. Limpeza Inicial: Borrar as filas de categorías de gastos que non entendan ou que non sexan necesarias para simplificar a vista (deixar só 8-10 categorías de gasto principais).

Paso 2: Introducción de Categorías e Datos (15 min)

Debes facer un orzamento simulado dun mes.

1. Crear as Categorías Básicas: Asegurarse de que a folla teña as seguintes seccións e adaptalas na plantilla:

SECCIÓN	CATEGORÍAS (Exemplos)
A. INGRESOS	Salarios, Subsidio/Axuda, Outros Ingresos
B. GASTOS FIXOS	Aluguer/Hipoteka, Luz/Auga/Gas, Internet/Móbil, Transporte Público
C. GASTOS VARIABLES	Alimentación (a máis importante), Ocio/Lecer, Roupa, Outros Gastos

- Introducir Datos Simulación: Ingresar as seguintes cantidades simuladas (aproximadas e realistas para unha familia):
 - Ingresos Totais: Facer que a suma dos ingresos sexa 2.500€.
 - Gastos Fixos: 1.200€ (deben repartirse entre as categorías)
 - Gastos Variables: 850€ (deben repartirse entre as categorías)

Obxectivo de Aforro: Deixar unha diferenza positiva.

Paso 3: Fórmulas Esenciais e Saldo (15 min)

- Suma de Ingresos: Na cela onde debe aparecer o total de ingresos (A. INGRESOS), aplicar a fórmula de suma:
=SUMA(intervalo das celas dos ingresos)
- Suma de Gastos: Facer o mesmo para obter o total de gastos (B. GASTOS FIXOS + C. GASTOS VARIABLES).
- Cálculo do Saldo Neto: Crear unha cela nova (chamada "SALDO FINAL DO MES") onde se calcule a diferenza:
= Total Ingresos - Total Gastos
- Aplicar Formato Condicional (Formato Visual): Para a cela do *SALDO FINAL DO MES*, aplicar formato condicional:
 - Regra 1: Se o valor da cela é menor que 0 (NEGATIVO), a cela debe poñerse en cor vermella.
 - Regra 2: Se o valor da cela é maior ou igual a 0 (POSITIVO/CERO), a cela debe poñerse en cor verde.

Paso 4: Conclusión (5 min)

- Análise: Debaixo da táboa principal, engadir unha cela de texto e responder de forma breve:
Pregunta: Segundo o teu orzamento, conseguiu esta familia aforrar este mes? Se a resposta é non (saldo vermello), que farías para aforrar o mes seguinte (reducir gastos, buscar máis ingresos, etc.)?

Paso 5: Visualización de Datos - Gráfico de Distribución de Gastos (10 min)

O obxectivo é crear un gráfico circular que mostre de forma visual a porcentaxe que representa cada gasto no total.

- Seleccionar os Datos de Gasto:

- Fai clic e arrastra para seleccionar a columna ou as celas que conteñen os Nomes das Categorias de Gasto (p. ex., Aluguer, Alimentación, Ocio, etc.).
 - Mantén premida a tecla Ctrl (ou Cmd en Mac).
 - Fai clic e arrastra para seleccionar as Cantidades Totais simuladas correspondentes a eses gastos.
 - *Asegúrate de NON seleccionar as filas de "Ingresos" nin o "Total de Gastos", só as partidas de gasto individuais coas súas cantidades.*
2. Inserir o Gráfico:
 - Vai ao menú superior e fai clic en Inserir Gráfico.
 - Google Sheets creará automaticamente un gráfico.
 3. Configurar o Tipo de Gráfico (Se non o fixo automaticamente):
 - Á dereita da pantalla aparecerá un panel chamado Editor de Gráficos.
 - Na pestana Configuración, busca a sección Tipo de Gráfico.
 - Selecciona a opción Gráfico Circular (Gráfico de Torta).
 4. Personalizar o Gráfico:
 - Vai á pestana Personalizar no Editor de Gráficos.
 - Título do Gráfico: Na sección "Título do Gráfico e do Eixe", cambia o título a: "Distribución Mensual de Gastos".
 - Etiquetas (Opcional pero útil): Na sección "Gráfico Circular", asegúrate de que as etiquetas mostren o Valor (a cantidade en euros) ou a Porcentaxe para que sexa máis doado lelo.
 5. Análise Final:
 - Observa o gráfico. Cal é a porción máis grande da "torta"?
 - Xusto debaixo do gráfico, escribe unha frase sinxela respondendo:

Conclusión: O maior gasto desta familia neste mes correspóndese coa categoría de [Nome da Categoría], o que representa o [Porcentaxe aproximada] do gasto total.